

Febreiro 2018

Terceira reunión do XII convenio de Educación Infantil sen resultados

Desde a CIG-Ensino entendemos que as negociacións deste convenio só poden ter unha dirección que no é outra que a **recuperación e mellora dos dereitos laborais e salariais** dos traballadores/as do sector e así, dignificar os seus dereitos.

Logo dunha 1ª e 2ª reunións de loitas das patronais polo reparto da representatividade, con demanda na Audiencia Nacional incluída, carentes de contido por falta de negociacións entre as partes, só podemos sacar en limpo unha análise da situación do sector moi xeneralizada por parte da patronal e sindical, amosando visións opostas e moi distantes.

Na 3ª reunión a patronal fai unha Análise da situación, na súa liña catastrofista (que sempre lle deu bos resultados diante das OO.SS de sinatura fácil) insiste no carácter vocacional do empresariado, ao que considera un dos máis febles diante da crise, cun retroceso demográfico do 2,8 %. Cos datos oficiais de 2008, hai un 21,4 % menos de nacementos, 60.445 alumnos menos, é dicir, o 13,62 % das matrículas. Centros pechados ou con cambio de actividade. Tres descolgues no 2017. Quere tamén advertir sobre a reivindicación sindical da recuperación do IPC desde 2010, enumerando os meses de



IPC negativo en cada ano ate chegar aos 4 meses negativos de 2017... Amosan continuísmo con contención salarial e de dereitos. Anuncian unha **PLATAFORMA PATRONAL**, que a parte dos salarios moderados, entenden temas prioritarios a negociar Clasificación profesional:

- Xornada, vacacións e permisos
- IT
- Descolgue
- Réxime disciplinario
- Ámbito funcional, non o teñen pechado pero queren unha definición máis axustada á realidade.

Desde o banco sindical, matizamos

os datos presentados, aportando argumentos con unha visión diferente do sector. Faise alusión ao aumento da inmigración que repercute nun maior número de escolarizacións, matriculacións e por tanto, de alumnado. Explican como o peso grande da crise a soportaron os traballadores/as. Unha empresa rentable está en función da mellora das condicións laborais dos traballadores/as. Non consideramos relevante tres descolgues nun cómputo global, manifestando que non son significativos.

Desde a CIG-Ensino entendemos que as negociacións deste convenio só poden ter unha dirección

que non é outra que a **recuperación e mellora dos dereitos laborais e salariais dos traballadores/as do sector** e así, dignificar os seus dereitos polos seguintes motivos:

Primeiro, porque se trata dun convenio dos peores da ensinanza, moi básico ao estar practicamente á altura da normativa dol E.T. (Estatuto dos Traballadores/as).

Segundo, porque cada vez se lle exige aos traballadores/as máis formación, responsabilidade e plurifuncionalidade, recibiendo a cambio involucións nas súas condicións salariais e laborais.

Terceiro, porque durante a vixencia do XI convenio en vigor, asinado en 2010, creouse un precedente histórico moi negativo para a negociación colectiva, que nunca se dera: non cumprir o asinado no convenio, concretamente no seu art.50 Revisións salariais. Este recollía a subida salarial anual segundo o IPC do ano anterior e firmáronse 2 descolgues salariais, 2011 e 2015, levando ao sector a perder poder adquisitivo en 2011 e conxelar os salarios (xa precarios...) durante 4 anos 2012, 2013, 2014 e 2015.

Liñas básicas da CIG-Ensino para a negociación do XII Convenio

- **Adaptación á normativa vixente de todo o texto.** Correccións na linguaxe sexista.

- Recuperación salarial:

a) Subida lineal do ipc real do ano anterior, aplicado ao salario medio galego (17.700€) para os salarios inferiores a dito salario medio anual e do ipc real para o resto.

b) Recuperación da perda acumulada de poder adquisitivo (5,6% e 6,6%) dende 2011.

- Recuperación do complemento de antigüidade (trienios)

- **Redución da xornada laboral actual.** Axuste da xornada máxima anual á semanal. Diferenciar horas lectivas de non lectivas.

- **Eliminación dos descontos no caso de incapacidade temporal por enfermidade común ou accidente non laboral**, durante toda a IT

- **Recoñecemento das enfermidades profesionais.**

- **Recoñecemento de tres días de asuntos propios.**

- **Permiso retribuído polo tempo necesario para asistir a consultas médicas** o traballador/a, fillos e fillas menores de idade (ou acollidos/as) e familiares dependentes (pola súa idade ou enfermidade)

- **Reserva do posto de traballo durante o primeiro ano nas excedencias voluntarias**, e durante toda a vixencia das mesmas nas que sexan por coidado de fillo/a, ou por coidado de familiar ou persoa dependente a cargo que convivan co traballador/a. A duración máxima destas tres modalidades de excedencias poderá ser de 5 anos.

- **Redución da xornada para maiores de 55 anos.**

Máis información en www.cig-ensino.gal

Os nosos locais

Santiago (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro nº 10.
Santiago de Compostela. cp.15706.
Tlf. 981576800 Fax. 981575839
santiago@cig-ensino.gal

A Coruña

Rúa Alfonso Molina s/n
Tlf. 981169810 Fax. 981291735
15007. A Coruña
acorunha@cig-ensino.gal

Baixo Miño

Praza da Guía 3, baixo
36780. A Guarda
Tlf. 986610465 Fax. 986610465
baioxminho@cig-ensino.gal

Morrazo

Rúa Atranco 19A, ench. 1
36947. Cangas
Tlf. 986302987 Fax. 986302987
morrazo@cig-ensino.gal

Ferrol

Rúa Eduardo Pondal 41-43,
15403. Ferrol
Tlf. 981358750 Fax. 981358760
ferrol@cig-ensino.gal

Lugo

Rda da Muralla 58, bxo.
27003. Lugo
Tlf. 982245023 Fax. 982253891
e-mail: lugo@cig-ensino.gal

Ourense

P. de San Lázaro 12, 4º
32003. Ourense
Tlf. 988238350 Fax. 988222855
ourense@cig-ensino.gal

Pontevedra

R. Pasantería 1, 2ºesq.
36002. Pontevedra
Tlf. 986861513 Fax. 986855050
pontevedra@cig-ensino.gal

A Mariña

27700. Ribadeo
Avda de Galicia 20, 1º
Tlf. 982129593 Fax. 982129593
amarinha@cig-ensino.gal

Val de Monterrei

R. Pedro González 5, 1º
32600. Verín
Tlf. 988412345 Fax. 988411013
verin@cig-ensino.gal

Vigo

R. Gregório Espino 47, bxo.
36205. Vigo
Tlf. 986827935 Fax. 986262844
vigo@cig-ensino.gal

Salnés

R. Alexandre Bóveda 2, 2º
36600. Vilagarcía
Tlf. 986505323 Fax. 986505323
salnes@cig-ensino.gal